

Evidencia de:
Grado en Traducción e Interpretación

SEGUIMIENTO DE TÍTULOS OFICIALES

AUTOINFORME DE SEGUIMIENTO

Denominación del Título
Grao en Tradución e Interpretación

Centro
Facultade de Filoloxía e Tradución

Tipo de centro

- Propio
- Adscrito

Centro

Tipo de centro

- Propio
- Adscrito

Centro

Tipo de centro

- Propio
- Adscrito

Centro

Tipo de centro

- Propio
- Adscrito

Autoinforme provisional. Órgano de aprobación

Comisión de Calidade

Fecha

09 / 29 / 2014

Autoinforme definitivo. Órgano de aprobación

Xunta de Facultade

Fecha

10 / 27 / 2014

23 - Acta CC290914.pdf

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Descrición del título

ID del título

1007/2009 Grao en Tradución e Interpretación

Rama de conocimiento

Artes e humanidades

Universidade solicitante

Universidade de Vigo

Centro responsable de las enseñanzas conducentes al título o, de ser el caso, departamento o instituto

Facultade de Filoloxía e Tradución

Centro/s donde se imparte el título

Facultade de Filoloxía e Tradución

En caso de títulos interuniversitarios, universidad coordinadora y universidades participantes. UNIVERSIDAD COORDINADORA:

UNIVERSIDADES PARTICIPANTES:

Tipo de educación

Grao

Régimen de estudos

Presencial e semipresencial

Periodicidad de la oferta

Anual

Número de plazas de nuevo ingreso ofertadas

120

Número mínimo de créditos europeos de matrícula por estudante y período lectivo

Plano de estudos seguido en cursos consecutivos de 1º a 4º. Número máximo de créditos por matrícula será de 30 ao semestre e 60 por curso. Non se establece un número mínimo de créditos por curso no réxime a tempo completo.

Normas de permanencia

Pódese consultar no seguinte enlace:

http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Uvigo/norm_perm_grao_master.pdf

Información sobre la expedición de suplemento al título

Pódense consultar os seguintes enlaces:

http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/secxeral_es/_galeria_descargas/normativa_reguladora_de_tramitacion_do_suplemento_europeo_ao_titulo.pdf

http://secxeral.uvigo.es/secxeral_gl/normativa/xeral/ensinanzas/index.html, e máis directamente:

http://secxeral.uvigo.es/opencms/export/sites/secxeral/sites/default/microsites/sxeral/Normativa/Xeral/real_dec_exp_titulos.pdf

Responsable del título

María Rosa Pérez Rodríguez

Coordinador/a del título

Lourdes Lorenzo García / Ana María Pereira Rodríguez

Correo electrónico del/de la responsable del título

rosa@uvigo.es

Fecha de verificación del título

24 / 06 / 2009

Fecha de aprobación por el Consejo de Ministros

30 / 10 / 2009

Fecha de autorización de la implantación por la Xunta de Galicia

27 / 08 / 2009

Fecha de inscripción en el RUCT

05 / 01 / 2010

Fecha de publicación en el BOE

05 / 01 / 2010

Curso de Implantación

2009-2010

Modificaciones autorizadas**Fecha de la última acreditación**

01 / 06 / 2009

Órgano responsable del Sistema de Garantía de Calidad del título

Equipo Directivo do Centro, Coordinador do SGIC e Comisión de Garantía interna de Calidade do Centro.

Memoria vigente del título

memoria. Grado_en_Traduccion_e_interpretacion.pdf

Descripción del título. Valoración general del cumplimiento del criterio**Valoración general del cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencia documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Descrición do título" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A páxina web do centro recolle información completa sobre todos os aspectos do título e as ligazóns relativas á información pública revisáronse e funcionan correctamente na data de redacción do informe. Nela aparecen claramente os responsables do título.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

Este grao, que é presencial e semipresencial, ten 240 créditos (o número mínimo de ECTS por curso é 30) e se imparte en castelán, galego, inglés, francés, alemán e portugués, capacita os alumnos para a profesión de tradutor e intérprete e outras (docencia en linguas, secretariado, vendas internacionais, etc.). De cara a unha futura reflexión sobre a memoria habería que pensar en darlle máis peso á tradución e interpretación inversa á luz dos resultados das prácticas curriculares nas que empresas e institucións reclaman maioritariamente inversa.

A normativa de permanencia está accesible na páxina web da facultade, no apartado "Información académica". Foi aprobada en marzo de 2013.

Neste grao houbo que atender un alumno que padece a síndrome de Asperger e outro con problemas de mobilidade. Para o primeiro, creouse unha comisión de expertos presidida por un catedrático de psicoloxía que fai un seguimento puntual dos progresos do devandito alumno. Para o segundo (e obviamente, para futuros alumnos con problemas semellantes) fixéronse adaptacións estruturais nos accesos aos pavillóns e nas aulas, e instalouse un ascensor para facilitar o seu acceso aos despachos do profesorado.

A información sobre o suplemento europeo ó título está accesible no apartado de Descrición correspondente á información sobre calidade.

A finais de xuño de 2014, producíronse dous cambios no equipo decanal do Centro que afectaron ó Vicedecanato de Organización Académica e ó Vicedecanato de Calidade. No caso do vicedecano de Organización académica, por diferenzas de criterio coa Decana e tras facer as consultas pertinentes e manter diversas conversas, o equipo decanal acordou substituílo por unha nova vicedecana. No caso do Vicedecanato de Calidade, produciuse a raíz do nomeamento do anterior vicedecano como director da Área de Calidade da Universidade de Vigo. Os cambios comunicáronse en tempo e forma ós membros da Xunta de Facultade e aparecen debidamente reflectidos na páxina web do Centro.

As taxas académicas para este curso son moi positivas en xeral, cun rendemento do 80,48%, un éxito do 90,62%, unha avaliación do 88,80%, un abandono do 4,14% e unha eficiencia do 95,30%. Se atendemos ás cifras por xénero, en tódolos casos son máis positivas nas mulleres. Porén, sorprende a cifra relativamente baixa da taxa de graduación, un 63,79%. Podería deberse a que no último curso do grao a carga de traballo fai que os alumnos deixen algunha das materias deste curso para a convocatoria extraordinaria de outubro ou as seguintes.

Buenas prácticas

Propuestas de mejora

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Justificación" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Política y objetivos de calidad de la formación" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Justificación. Valoración general del cumplimiento del criterio**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

Tal como se recolle na Memoria para a solicitude de verificación do título (ver anexo), o grao de Tradución e Interpretación (T&I) xurdiu para dar resposta a unha necesidade social e formativa, reclamada polos que se dedicaban á tradución e no momento en que, a partir da segunda metade do século XX, se elevaron exponencialmente os contactos entre os distintos países do mundo. Cumpría uns estudos que, malia os seus alicerces lingüísticos, se achegasen ás culturas subxacentes de cada lingua e desen cabida tamén a unhas técnicas moi definidas para as distintas modalidades da actividade de mediación.

Os graduados en T&I contan cunha primeira saída laboral orientada á práctica das dúas destrezas recollidas no propio nome do título, que teñen á súa vez segmentacións internas que conducen a unha tipoloxía moi variada: tradución xurídica, científico-técnica, literaria, audiovisual, interpretación (cun elevado número de créditos (57), moi por encima do número obrigatorio (18)), accesibilidade... Pero ao mesmo tempo, tamén os graduados en T&I teñen outro importante nicho de traballo na docencia de linguas e no sector servizos (secretariado bilingüe, recepción de hoteis, vendas internacionais...). A situación xeográfica da Universidade de Vigo, a única no sistema universitario galego e no noroeste peninsular que ofrece estudos de T&I supón un atractivo engadido para toda a súa zona de influencia, incluíndo Portugal, país dos que a Facultade de Filoloxía e Tradución recibe un número importante de alumnado tanto en graos como en posgraos. Ao

mesmo tempo, é a única de todo o estado español que inclúe o galego nas súas combinacións lingüísticas.

Por outra banda, o interese científico e académico do título parece avalado polas numerosas publicacións do profesorado que nel imparte docencia e toda a gurgullante actividade xerada arredor: congresos, seminarios, participación en proxectos de investigación nacionais e internacionais, programas de doutoramento, teses, establecemento de relacións académicas con outras universidades, programas de intercambio de alumnado (Erasmus, ISEP, Séneca...).

Por outra banda, a valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Xustificación" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14 (a información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revisase e actualízase periodicamente). Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser suficiente.

A nivel interno, os procedementos de consulta utilizados no curso 2013-14 contan co Sistema de Garantía Interno de Calidade do título como principal ferramenta. Os procedementos PE01 (Definición e revisión da política e obxectivos de calidade), en fase de revisión e de actualización, e DO-0102 (Seguimento e mellora das titulacións) velan para que haxa un adecuado retorno da información e están dispoñibles para consulta na páxina web do centro.

REFERENTES EXTERNOS:

Seguen sendo actuais as recomendacións do Libro branco da tradución. As enquisas de satisfacción do alumnado, debido a un problema específico este ano, non dan datos sobre o posible cuestionamento da continuidade do título. Con todo, as taxas e outros indicadores que aparecen no apartado 8 demostran o éxito da proposta. As titorías do PAT recollen queixas sobre materias ou profesorado que se tentan solucionar o máis axiña posible pero, en ningún momento, cuestionan a validez do título.

No curso 2012/2013 rematouse a implantación da titulación. O Departamento de Tradución e Lingüística, a Comisión de Calidade do Centro e o Decanato da Facultade de Filoloxía e Tradución entenden que a xustificación do título é satisfactoria e non precisa de modificación na data de redacción deste informe, aínda que si está aberto un período de reflexión por si fose oportuna algunha modificación na futura revisión da memoria.

No curso analizado, 2013-14, houbo 125 matriculadas/os na titulación, cuxa nota media é 9,16, a máis alta dos graos da FFT. A demanda mantívose constante dende que comezou o grao e se cubriron todas as prazas ofertadas, agás na combinación francés-galego. As reservadas inicialmente para esta combinación pasan ás outras.

CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE CALIDADE DO CENTRO:

A continuación preséntanse os datos referentes ao cumprimento dos obxectivos de calidade do centro extraídos das enquisas de satisfacción coa titulación. Con todo, non se pode ofrecer unha interpretación dos datos debido á escasa participación do alumnado nas devanditas enquisas (participación inferior ao 20%).

1. Mellorar a difusión dos obxectivos do plano de estudos.

A información sobre os obxectivos do plano de estudos está na páxina web da Facultade no apartado de información pública.

2. Mellorar os procedementos de captación e admisión de estudantes.

A Comisión de Calidade aprobou un plano de captación de alumnado, para graos e posgraos.

3. Mellorar o sistema de avaliación e os procedementos xerais de calidade do ensino.

As coordinadoras revisan o sistema de avaliación de cada materia e axéitanos, cando for preciso, ás recomendacións aprobadas pola Facultade en 2010.

4. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de satisfacción nas enquisas de estudantes onde se trate o tema da planificación.

Acadáronse 3,65/7 puntos.

5. Mellorar os procedementos para a recollida de queixas e suxestións.

Á parte do protocolo tradicional, que consiste no rexistro dunha queixa ou suxestión no decanato, habilitouse unha aplicación informática na páxina web da Facultade que permite, despois dunha identificación, rexistrar queixas e suxestións.

Durante o curso 2013-14 traballouse arreo este punto, tentando explicar ao alumnado as vías para tramitar queixas e suxestións mediante reunións presenciais coas coordinadoras, o espazo de coordinación da titulación en faitic, os titores

PAT e o decanato.

6. Número de queixas inferior o 5% do alumnado de novo ingreso. Cúmrese o obxectivo xa que non houbo queixas do alumnado de novo ingreso.

7. Índice de satisfacción igual ou superior o 4,2/7 puntos no programa de acollida realizado.

Acadáronse 3,25/7 puntos. A baixa valoración deste ítem pódese explicar polo feito de que a enquisa de satisfacción non fai diferenzas por curso nas preguntas. Ao non existir programa de acollida en máis cursos ca en primeiro, entendemos que o alumnado dos demais cursos se pode sentir confundido pola pregunta. Xa se solicitou á Área de Calidade que se modifique a enquisa neste punto.

8. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de satisfacción nas enquisas ó alumnado sobre o PAS da Facultade.

Acadáronse 3,99/7 puntos.

9. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de satisfacción nas enquisas ó alumnado sobre recursos para a aprendizaxe.

Acadáronse 4,15/7 puntos.

10. Igualar ou superar o 4,2/7 puntos de alumnado que valora positivamente o grao de competencia que acadou.

Non se pode avaliar por non aparecer ningún apartado específico nas enquisas de satisfacción. Con todo, presentamos unha media dos indicadores 74 e 75: 3,80/7 puntos.

11. Igualar ou superar a media da Universidade nas enquisas de avaliación docente (sobre 5). Acadáronse 3,92 puntos. A media da Universidade é de 3,72.

Despois de varios anos de estaren vixentes os anteriores obxectivos de calidade, a Comisión de Calidade entende que é necesario revisalos para ver se se adecúan á situación actual da Facultade. Fíxose unha convocatoria aberta a tódolos membros do centro para que contribuísen coas súas suxestións á posible reforma. A primeira reunión da Comisión de Calidade que tratou este tema foi a do 31 de outubro de 2013. Durante o cuarto trimestre de 2014 aprobábase o Manual de Calidade da Universidade de Vigo revisado e actualizado durante o curso 2013/14 (concretamente o anexo 4, Guía de obxectivos de calidade), de xeito que, baseándose nos criterios e requisitos establecidos para a determinación dos obxectivos de calidade do centro, redefiníranse os obxectivos de calidade existentes, así como as liñas de actuación e os indicadores que permitan desenvolverlos.

CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2012-13

- Aumentar a participación do alumnado nas enquisas: Mediante o espazo da coordinación da titulación en faitic e de forma presencial nas aulas as coordinadoras incidiron na importancia que tiña a participación dos alumnos nas enquisas e nos órganos de decisión do centro (Xunta de Facultade). Tamén se vén insistindo neste punto no acto de benvida ó novo curso que a FFT prepara para o alumnado de novo ingreso. O esforzo parece que se viu recompensado se botamos unha ollada aos datos: fronte a unha participación nas enquisas do alumnado do 6,53% no curso 2012-13 chegouse a un 19,25% no 2013-14. Tamén o profesorado amosou maior interese, pasándose dun 20,31% de participación no curso 2012-13 a un 39,18% no presente curso. Con todo, a porcentaxe de alumnado que participou nas enquisas (menor do 20%) segue sendo baixa como para considerala de xeito determinante neste informe.

- Revisar os obxectivos de calidade do centro.

Buenas prácticas

Propuestas de mejora

- Aumentar a participación do alumnado nas enquisas.
- Revisar os obxectivos de calidade.

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

Cumprimento dos obxectivos de calidade.docx

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Justificación. Plan de mejora

Denominación de la propuesta

Aumentar a participación do alumnado e do profesorado nas enquisas de satisfacción

Punto débil detectado

Participación escasa do alumnado nas enquisas /

Ámbito de aplicación

Facultade Filoloxía e Tradución e Universidade de Vigo /

Responsable de su aplicación

Decanato, Coordinadora do Grao, titoras/es do PAT, Área de Calidade, ATIC / Comisión de Calidade

Objetivos específicos

Acadar uns índices satisfactorios de participación do alumnado nas enquisas que permitan considerar os datos tirados delas como representativos. /

Actuaciones a desarrollar

Continuar divulgando entre as/os estudantes a importancia do SGIC e de participaren nas enquisas de satisfacción, a través das canles de difusión da información (lista fft, cartaces, pantalla de plasma), das reunións de coordinación e das xuntanzas do PAT. Institucionalmente, está previsto levar a cabo as seguintes accións:

- Recordatorio aos titores PAT para que insistan na importancia das enquisas cos seus titorandos e na súa participación activa na vida da facultade. Só eles mediante os seus representantes poden axudar a modificar vellas inercias e conseguir melloras.
 - Rematar as actividades levadas a cabo por un grupo de traballo multidisciplinar que se constituíu co obxectivo de racionalizar e mellorar as metodoloxías de avaliación empregadas (modo de recollida da opinión dos grupos de interese, frecuencia de realización, contidos dos cuestionarios ...)
- Este grupo de traballo constituíse en abril de 2014 e, actualmente, está na fase final de conclusións, pendente da reunión de peche.
- Realización dunha campaña institucional para explicar e fomentar as actividades de recollida de opinión dos distintos grupos de interese. Incidirase na explicación da relevancia de cada unha das enquisas e o seu impacto nos programas de calidade e na mellora continua da calidade dos centros e servizos.
 - Mellorar o acceso á aplicación informática.

Periodo de ejecución

Curso 2014-15

Recursos / financiamiento

Sen custo/sen custo

Indicadores de ejecución

Observaciones

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

Nivel de cumplimiento

Resultados obtenidos

Grado de satisfacción

Acciones correctoras a desarrollar

Plan Accions Mellora_Auditoría certificación SGIC_FFT.pdf

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Competencias" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Objetivos del plan de estudios" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Competencias / objetivos. Valoración general del cumplimiento del criterio

Valoración general del grado de cumplimiento del criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Competencias e obxectivos" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser suficiente.

Finalizada a implantación do título no curso 2012/13, a Comisión de Calidade do Centro non considerou necesaria a modificación dos obxectivos nin as competencias do mesmo, que seguen semellando axeitados para o plano formativo e satisfactorios. Porén, si conviría iniciar unha reflexión que tivese en conta as opinións do alumnado posto que o grao de coñecemento e satisfacción do alumnado cos obxectivos xerais do plan de estudos é de 3,42/7.

Consideramos que tanto os 11 obxectivos específicos como os 8 transversais están sendo adquiridos polo alumnado e que as competencias (xerais e específicas) cumpren o establecido no RD 1393/2007 e atopan correspondencia coas incluídas no Libro Blanco de Traducción e Interpretación (ANECA, 2004) e con aquelas outras recollidas nas asociacións profesionais e centros de ensino de prestixio. As guías docentes recollen as devanditas competencias.

Queremos facer especial mención aos obxectivos e competencias adquiridos a través dos TFG, que implican un proxecto de reflexión profunda do grao, onde o alumnado pon en práctica (parte de) as habilidades adquiridas e os coñecementos

nos que estas se sustentan. Nel os alumnos/as teñen que demostrar en primeiro lugar a capacidade de aprendizaxe autónoma e xestión do seu tempo. Constitúe tamén un observatorio de primeira magnitude para avaliar a súa capacidade de comunicación oral e escrita nas linguas propias e estranxeiras. Non menos importante é a toma de decisións, o razoamento crítico, a creatividade e a preocupación pola calidade do produto final (tradución, revisión, análise, elaboración de glosario...), que deben demostrar que o alumnado está optimamente formado para entrar no mundo laboral.

Por outra banda, continuouse coa aplicación do protocolo de Calidade para a revisión das guías docentes: (a) revisión e validación por parte das coordinadoras do grao dos obxectivos e competencias establecidas na memoria de verificación do título (con particular atención durante este curso ao apartado de avaliación); (b) visto e prace dos departamentos que teñen asignadas as materias; (c) aprobación final en Xunta de Facultade.

COORDINACIÓN:

A coordinación horizontal (entre profesorado dunha mesma materia) e vertical (entre o profesorado e as coordinadoras do grao) para garantir o cumprimento de obxectivos e competencias continúa realizándose. A figura de "coordinador de materia" implantada no curso 2010/11 mellorou tamén a coordinación. Con todo, continúan a rexistrarse determinadas actitudes de escasa cooperación nun pequeno fato de profesores/as.

RESULTADOS ACADÉMICOS

Para avaliar os resultados académicos temos en conta os resultados da avaliación. Entendemos que toda persoa que non se presentou a unha materia ou a suspendeu non acadou ou adquiriu as competencias e os obxectivos propostos para superala.

O título ten unha taxa de rendemento medio do 79,49, mentres que hai 65 materias cun 100% de aprobados. As de menor taxa de éxito concéntranse especialmente arredor das combinacións que teñen o alemán como lingua de traballo, polo que cumpriría que na revisión da memoria se tivese en conta por se parece oportuno reforzar esta lingua.

MOBILIDADE:

Hai no título varias competencias que esixen a mobilidade dos estudantes (ex: recoñecemento da diversidade e da multiculturalidade ou comprensión doutras culturas e costumes). A taxa de mobilidade do alumnado de tradución continúa a ser a máis elevada da Universidade de Vigo). A resposta do centro semella adecuada pois a nosa facultade mantén convenios de intercambio e estudantes con numerosas universidades nacionais e estranxeiras. No curso 2011-2012 houbo 56 alumnos Erasmus propios da Universidade de Vigo implicados en programas de mobilidade (52 Erasmus, 3 Sicúe e 1 de convenio específico); no curso 2012/13 case se duplicou o número de estudantes propios en programas de mobilidade (106 en total: 82 Erasmus, 21 Isep e 3 Sicúe). O descenso (lixeiro) da porcentaxe, que parece contradictorio, atopa explicación no aumento do número total de alumnado. No curso 2013/14 (obxecto da presente reflexión) o número de estudantes do Grao en Tradución e Interpretación en programas de mobilidade foi de 92, o que supón un 17% sobre os matriculados. O grao de satisfacción co programa de mobilidade reflectido nas enquisas foi dun 4,57/7, aínda que este dato non se pode considerar representativo pola escasa participación dos estudantes nas enquisas. O lixeiro descenso no número de participantes puido deberse ao deterioro das economías familiares experimentado nestes últimos anos, que restrinxe as posibilidades de estadia no estranxeiro.

PLANO DE ACCIÓN TITORIAL:

Durante o curso 2013/14 seguiu desenvolvéndose o plano de acción tutorial (PAT) na Facultade de Filoloxía e Tradución (ver anexo). Seguimos a detectar unha diminución da asistencia ás reunións de PAT segundo avanza o curso, probablemente por tres razóns: (a) é difícil atopar ocios nos que o grupo de alumnado PAT de cada titor coincida cunha hora libre; (b) pode existir a crenza entre parte dos que perden o interese de que o sistema PAT non servirá para solucionar os seus problemas académicos; (c) algúns alumnos consideran que as súas queixas serán mellor atendidas se se depositan directamente no decanato do centro.

A valoración xeral sobre o sistema PAT, non obstante, segue a ser moi positiva por parte do alumnado, tal como se recolle nos informes de seguimento que envían os titores correspondentes. Neles valoran especialmente a accesibilidade destes e o empeño posto en solventar dúbidas e poñer os medios para eliminar tensións co profesorado dalgunhas materias. Foron moi poucas as materias sobre as que se recibiron queixas e en todas elas se tentou tender pontes comunicativas entre os alumnos e o profesorado.

Véxase o documento "Accións de coordinación" no apartado de Planificación.

CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2012/13

- Nomear coordinación de curso: non se acadou este obxectivo, que estaba condicionado a conseguir un maior recoñecemento das actividades académicas alleas á docencia propiamente dita. Os recoñecementos que outorga a reitoría en POD para titores de prácticas, titores de TFG, titores PAT e participantes en diversas comisións son tan ridículos que non hai profesorado voluntario para moitas destas funcións.

Buenas prácticas

- Avances na coordinación entre materias (véxase o documento "Accións de coordinación T&I 13-14").
- Reunións periódicas cos estudantes e contacto continuado con eles a través de correo electrónico e, dende outubro de 2013, tamén mediante o novo espazo na plataforma de teledocencia FAITIC da coordinación do grao.
- Recordatorios ao alumnado (espacio docente da coordinación en FAITIC, reunións periódicas, PAT...) e ao profesorado (reunións de departamento, informes das coordinadoras do grao ante queixas...) a importancia das guías docentes, contrato académico onde se listan as competencias que deben acadar en cada materia e os obxectivos de aprendizaxe (xerais do grao e específicos da materia).

Propuestas de mejora

- Conseguir un maior recoñecemento (desconto de horas en POD) para o profesorado que titorice PAT, prácticas ou TFG e que participe en comisións varias. Só cunha posta en valor do traballo do profesorado podemos esperar contar con voluntarios para ser coordinadores de curso, etc.

Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

Acciones de coordinación en 3º T&I-1.doc
Accións de coordinación 2013-2014.docx
Datas_avalacion_maio.docx
Datas_avalacion_xaneiro.docx
Español en T&I.docx
Ficha de seguimento PAT.docx
Francés en T&I.docx
INFORME MERCEDES RODRÍGUEZ-2_firmado.pdf
Infome Coordinación Grado Asociados.docx
Inglés en T&I.docx
PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL 2013-14.docx
PROPOSTAS_renovación_asociados.docx
Resultados académicos, calificacións, satisfacción 2013-14.accdb
Reunión horarios.docx
Reunión presidentes comisiones TFG.docx
Reunións_galego_portug_alemán.doc

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Competencias / objetivos. Plan de mejora

Denominación de la propuesta

Conseguir un maior recoñecemento das actividades académicas non docentes co gallo de así poder nomear coordinador de curso. / Mellorar a participación nas enquisas

Punto débil detectado

Non se cumpríu o nomeamento de coordinadores de curso. O profesorado non está disposto a participar en actividades que obteñen un recoñecemento ridículo. / Mellorar a participación nas enquisas.

Ámbito de aplicación

Todos os cursos

Responsable de su aplicación

Reitoría e Vicerreitoría de Profesorado

Objetivos específicos

Conseguir un maior recoñecemento das actividades académicas non docentes da forma en que se considere máis axeitada (descontos docentes, recoñecemento en POD, etc.)

Mellorar a participación dos estudantes nas enquisas.

Actuaciones a desarrollar

- Non se cumpríu a intención de nomear coordinadores de curso pola dificultade de atopar voluntarios. O profesorado mesmo se sente ofendido polos ridículos descontos docentes para as tarefas que non son de docencia propiamente dita.

- O decanato, a área de Calidade e a coordinación do título tiveron no curso 2013-14 unha entrevista coa vicerreitoría de Profesorado para transmitirle a súa preocupación por este problema, que conleva unha merma evidente na calidade do grao. Certo é que se conseguiu un pequeno incremento no recoñecemento das tarefas non docentes (titores PAT, titores prácticas, titores TFG, etc.), pero continúa a ser moi escaso. Por poñer un exemplo, o recoñecemento para titores de prácticas pasou de 15 minutos que se lles outorgaba por alumno a 45; malia que nunha estadística pura isto supón un incremento moi grande, na práctica é evidente que con este tempo o titor só se podería dedicar a revisar a memoria de prácticas do alumno sen máis e perderíase a parte máis importante da súa función: seguimento da práctica durante todo o cuadrimestre, mediación entre alumno/destino ante calquera problema, etc.

Periodo de ejecución

Curso 2014-15

Recursos / financiamiento

Indicadores de ejecución

Petición á vicerreitoría de profesorado de medidas conducentes a motivar a participación do profesorado na coordinación por curso.

Observaciones

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

Nivel de cumplimiento

Resultados obtenidos

Grado de satisfacción

Acciones correctoras a desarrollar

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Acceso y admisión de estudiantes" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Política y procedimientos de admisión" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Acceso y admisión de estudiantes. Valoración general del cumplimiento del criterio

Valoración general del grado de cumplimiento del criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Acceso e admisión de estudantes" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

As vías e requisitos de acceso ao título e tamén o perfil de ingreso recomendado atópanse de xeito público e de fácil consulta na memoria do título e na páxina web da Facultade. Pártese dun perfil de ingreso de alumnado de bacharelato; a maior parte (arredor do 75%) provén do Bacharelato en Humanidades e Ciencias Sociais. Con respecto á procedencia xeográfica, a gran maioría provén de Galicia, pero a titulación resulta atractiva tamén para alumnado de Andalucía, Asturias, Canarias, Cantabria, Castela-A Mancha e Castela e León.

Espérase que o alumnado teña especial inquietude polas linguas e culturas e curiosidade polos acontecementos sociopolíticos e económico-empresariais dun mundo cada vez máis global. Tamén deberán ter capacidades básicas ben sedimentadas de comprensión escrita e lectora así como habilidades de comunicación social e integración en grupo de traballo.

Existen tamén mecanismos axeitados e accesibles de información previa a matriculación e procedementos de acollida e

orientación dos estudantes de novo ingreso e tamén para os estudantes unha vez matriculados (DO-0203-P1 Orientación ó estudantado).

As condicións de matriculación e programa formativo do título está accesible na páxina web da universidade (www.uvigo.es/uvigo_gl/estudos/) e na páxina web da Facultade (<http://webs.uvigo.es/fft/>).

O título axéitase, no que atinxe a requisitos de acceso e admisión, ó establecido no RD 861/2010.

O sistema de transferencia e recoñecemento de créditos está accesible na memoria (http://webs.uvigo.es/vicprof/index.php?option=com_content&task=view&id=1495&Itemid=572).

O recoñecemento de créditos por estudos previos está publico na memoria (http://webs.uvigo.es/vicprof/index.php?option=com_content&task=view&id=1495&Itemid=572).

A admisión de estudantes da Universidade de Vigo réxese por normativa propia aprobada en Consello de Goberno dispoñible na páxina web da Secretaría Xeral. Esta normativa é satisfactoria. Tamén resulta satisfactorio o feito de cubrir anualmente todas as prazas de novo ingreso (120) e aínda admitir algúns alumnos/as a máis empatados na nota de corte. A procedencia do alumnado é principalmente galega, sendo a FFT o centro de referencia no SUG para esta titulación, aínda que tamén se rexistra alumnado doutras CC.AA. Nas enquisas de satisfacción, os indicadores 71 e 73 obtiveron puntuacións superiores ao 4,40/7, o que pode considerarse satisfactorio.

Durante o curso 2010-11 fíxose un "Plano de promoción e captación de estudantes da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo". Este plano foi aprobado pola Comisión de Calidade do centro e implantado durante o curso académico 2011-12 e séguese aplicando. O plano está dirixido ao alumnado de novo ingreso tanto de graos como tamén de mestrados (ver documento anexo).

Os obxectivos principais do plano de promoción e captación da FFT para os graos son os seguintes:

1. Proporcionarlle información e orientación ó alumnado de novo ingreso sobre as titulacións que se imparten no centro.

Para este e outros fins a facultade publicou información na páxina web do centro e tamén distribuíu folletos informativos.

2. Mostrarlles ós futuros estudantes as actividades e instalacións do centro e presentarlles os contidos das titulacións que se imparten.

Propuxéronse visitas guiadas para os estudantes de secundaria ó centro no mes de marzo. Esta medida non tivo éxito xa que non asistiu ningún centro educativo por mor das datas elixidas, segundo refiriron. Os centros propuxeron adiantar estas visitas co fin de non coincidir coa época de exames.

3. Proporcionarlles información actualizada, fiable e de primeira man ós orientadores de secundaria sobre as titulacións que se imparten no centro, de forma que coñezan os perfís que mellor se axeitan a elas.

As accións propostas para o anterior obxectivo son a organización de charlas informativas para orientadores de secundaria e o envío de información escrita ós orientadores de secundaria e ciclos formativos.

4. Espertar o interese desde idades temperás cara ós estudos lingüísticos, literarios e sobre a tradución.

Consideramos que fomentar o hábito de lectura e creatividade dos alumnos de secundaria e bacharelato é imprescindible para o seu futuro, polo que o centro está interesado en organizar un concurso de redacción e un concurso de tradución de manga para o vindeiro curso.

5. Dar a coñecer as titulacións que se imparten no centro, tanto de grao coma de posgrao en Universidades estranxeiras, mediante a participación en Feiras de estudantes con proxección internacional.

En anexo tamén se inclúe o calendario académico 2013-14.

Ademais de todas estas medidas de promoción e captación, o centro realiza unhas xornadas de benvida de libre acceso ao inicio de cada curso para os diferentes títulos de grao e posgrao. No curso 2013-14 estas xornadas foron os días 4 e 5 de setembro.

No primeiro día das xornadas de benvida a decana do centro inaugurou o curso e presentou o equipo decanal. A continuación, o secretario da Facultade presentou a páxina web da Facultade ao alumnado. Seguidamente as/os coordinadoras/es dos graos presentaron cadanseu grao. Tras esta presentación o servizo de biblioteca fixo una visita guía polas instalacións da facultade e da biblioteca e presentou o acceso web á biblioteca (catálogo, empréstimo, consulta en liña...). No segundo día de actos de benvida tivo lugar a presentación da Unidade de Igualdade, da Oficina de Relacións Internacionais, das actividades culturais da Universidade, do Servizo de Deportes da UVigo, da man do director de área do Servizo de Deportes, cunha visita ás instalacións do Servizo de Deportes do campus de Vigo. Para concluír, presentouse o Plano de Acción Titorial, coa asignación de titoras/es aos diferentes grupos de alumnado. Finalmente, estas xornadas remataron cunha serie de reunións do alumnado coas respectivas titoras/es do PAT nos lugares indicados. Nas devanditas reunións, os estudantes cubriron as fichas de detección de necesidades, que se analizan posteriormente para obter información sobre necesidades específicas dos estudantes e poder atendelas a través dos mecanismos definidos para tal

fin (PAT, coordinación do título e vicedecanatos), sobre os que se pode obter información na web do centro.

Nas recomendacións xerais, na valoración do cumprimento deste criterio que se fai no Informe de Seguimento (2012-13) dise: Se recomienda que en la jornada de acogida se informe a todos los estudiantes nuevos de los aspectos genéricos del centro y después se organicen exposiciones por separado en lo que atañe a la información específica de cada grado, algo que xa se fixo no curso 2013-14.

CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2012-13

- Mellorar as accións de orientación. Profundouse nas accións de orientación, de forma coordinada, entre titores PAT, coordinadoras de grao, Comisión de Calidade e Decanato do centro.

Con todo, segue a haber resultados relativamente baixos (arredor do 3,8%) en canto ao grao de satisfacción cos procedementos de admisión de estudantes e as accións de orientación. Podemos aventurar algunha explicación posible, dado que o centro fai un esforzo moi importante neste aspecto, que parece non dar o froito esperado:

- O alumnado de primeiro curso recibe, nas xornadas de benvida, moita información nun momento en que aínda non está aclimatado ao novo escenario (facultade e estudos universitarios). Por conseguinte, pode ser que presten pouca atención neste primeiro contacto ou mesmo se vexan "superados" pola nova terminoloxía (créditaxe, división en grupos por combinación lingüística, programa PAT...), malia que o equipo decanal e a coordinación de grao tentan unha abordaxe sinxela.

- O alumnado de último curso probablemente desexaría recibir máis información (ou máis sistematizada) sobre inserción no mundo laboral, bolsas, etc. Aínda que dende o decanato e a coordinación do grao, coa interesante apertura do espazo en faitic que nos permite enviar todo o que chega sobre estes temas, chegamos de forma inmediata ao alumnado, tampouco o centro recibe esta información de maneira organizada nin conta coa axuda de ningunha dependencia ou área externa da universidade que se ocupe deste tema. A información chega de xeito atomizado e así tamén se vai publicando, recomendándose ao alumnado que tamén visite con paciencia a propia páxina web da universidade se quere buscar bolsas, etc. (por exemplo, dirixíndose ao servizo de alumnado, á ORI, ao SIOPE, etc.). Tampouco consideramos que sexa función exclusiva do centro, do equipo decanal, da coordinación ou do profesorado dedicarse a estas tarefas porque implicaría descoidar outras moitas que si teñen claramente encomendadas. Probablemente un cambio na redacción de parte dos indicadores 71 a 73 (o que di "As accións de orientación (programas de apoio, atención a diversidade, inserción no mundo laboral, acollida, actividades culturais) son axeitadas" axudase a clarificar o que poden esperar do centro. Suxerimos que este punto se redactase como "As accións de orientación (acollida en primeiro curso, atención a diversidade, actividades culturais) son axeitadas", eliminando expresamente o relativo a "inserción no mundo laboral". En todo caso, nunca debemos olvidar que só o 19,25% do alumnado participou nas enquisas, co cal os datos resultan de escasa representatividade.

Buenas prácticas

BOAS PRÁCTICAS RELATIVAS Á CAPTACIÓN DE ESTUDANTES NO GRAO:

- Organización de charlas informativas para orientadores de secundaria.
- Envío de información escrita ós orientadores de secundaria e ciclos formativos.
- Organización de visitas guiadas á facultade para os alumnos de secundaria.

BOAS PRÁCTICAS RELATIVAS AOS PRIMEIROS PASOS DO ALUMNADO NA FFT:

- Paneis informativos no centro: información académica (defensa de teses, anuncios de cambios puntuais de horario, etc.) e cultural (conferencias, obradoiros, presentacións de libros/estreas cinematográficas...)
- Acto de benvida e sesións informativas.
- Información sobre o uso da biblioteca.

Propuestas de mejora

Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta,

véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

Mellorar as accións de orientación.

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

Actos benvinda_2013.doc

Calendario FFT 2013-2014.pdf

Plano de Captación.pdf

Plano_de_promoción_e_captación.pdf

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Acceso y admisión de estudiantes. Plan de mejora

Denominación de la propuesta

Mellorar as accións de orientación

Punto débil detectado

Baixa satisfacción do alumnado coas xornadas de orientación da primeira semana do curso

Ámbito de aplicación

Facultade de Filoloxía e Tradución

Responsable de su aplicación

Decanato

Objetivos específicos

Como este punto débil xa se detectou para o curso 2012-13, pedíuselles a algúns estudantes de primeiro daquel ano que comentasen as causas da baixa satisfacción. Aínda que se cadra non é ilustrativo do fondo do problema, moitos recoñeceron que se consideran pouco satisfeitos simplemente porque para eles a universidade é un mundo novo e semella moita información comprimida no mesmo día (acto de benvida). Iso, xunto co cambio con respecto á metodoloxía e estrutura dos institutos, fai que tendan a pensar que están "un pouco perdidos" e que necesitan moita máis axuda por parte do centro. Porén, esta sensación tende a diminuír segundo se van adaptando.

Actuaciones a desarrollar

Seguimento puntual dos alumnos especialmente por parte dos titores PAT e da coordinación do grao, que deberán facerlles sentir que están á súa disposición para axudar con dúbidas sobre os primeiros pasos na facultade.

Periodo de ejecución

Curso 2014-15

Recursos / financiamiento

sen custo

Indicadores de ejecución**Objetivos**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

Nivel de cumprimento

Resultados obtidos

Grado de satisfacción

Acciones correctoras a desarrollar

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Planificación de las enseñanzas" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y las directrices de "Planificación de la enseñanza", "Garantía de la calidad de los programas formativos" y "Gestión del proceso de enseñanza-aprendizaje" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Planificación de las enseñanzas. Valoración general del cumplimiento del criterio

Valoración general del grado de cumplimiento del criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Planificación das ensinanzas" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A definición de módulos e materias do plano formativo deste título segue sendo coherente co establecido no RD 861/2010. Non se considerou necesario variar a estrutura dos módulos e materias por seren coherentes cos obxectivos e competencias.

A planificación temporal das ensinanzas está publicada na páxina web da Facultade.

ENQUISAS DE SATISFACCIÓN E DE AVALIACIÓN DOCENTE:

Con todo, observamos un descontento xeral nas enquisas (indicador 74), con resultados por debaixo do que marcan os obxectivos de calidade (3,6) aínda que esta cifra está un pouco por enriba da obtida hai dous anos (3,37) pero un pouco por debaixo da do curso pasado (3,76). Creemos que pode deberse a que os poucos estudantes que cubriron as enquisas son, previsiblemente, aqueles que desexan deixar constancia do seu malestar, mentres que os alumnos satisfeitos non as cobren.

TAXAS ACADÉMICAS:

Como xa comentamos en máis lugares do presente informe, as taxas académicas para o presente curso son moi positivas en xeral, cun rendemento do 80,48% e un éxito do 90,62%. Porén, a cifra relativamente baixa de taxa de graduación (63,79%) podería deberse á importante carga de traballo do último curso (cuarto) que fai que parte do alumnado deixe algunha materia para a convocatoria extraordinaria de outubro ou as seguintes.

NORMATIVA DE PERMANENCIA:

Dende a coordinación do título non se tivo constancia da existencia de problemas coa normativa de permanencia.

PROTOCOLO PARA REVISIÓN DE GUÍAS DOCENTES:

Existe un protocolo elaborado pola Comisión de Calidade e aprobado pola Xunta de Centro para a revisión das guías docentes, que inclúe a revisión e validación por parte das coordinadoras da titulación, a revisión por parte da Vicedecana de Calidade, a aprobación pola Comisión de Calidade e a aprobación final en Xunta de Facultade. As coordinadoras da titulación revisan todas as guías docentes para comprobar que a planificación das ensinanzas se axusta ás directrices da memoria de verificación e ás normativas aprobadas pola Xunta de Centro e pola Universidade de Vigo no referente á presencialidade e á carga de traballo de cada materia.

A Comisión de Calidade fai un seguimento constante do sistema de avaliación para analizar e resolver as incidencias que se van presentando.

APLICACIÓN DO DECRETO WERT:

Igualmente, no curso 2012-13 comezouse a aplicar o "Real Decreto-ley 14/2012, de 20 de abril, de medidas urgentes de racionalización del gasto público en el ámbito educativo", tamén coñecido como "Decreto Wert". Esta medida implica unha intensificación docente para unha gran parte do profesorado, que se ve na obriga de impartir un gran número de materias que esixen metodoloxías distintas, máis tempo e coñecemento de máis ámbitos, o que necesariamente leva a unha perda na calidade docente. Esta situación, que previsiblemente vai empeorar nos vindeiros anos, xa comezou a suscitar moito malestar entre profesorado e alumnado. Tamén como resultado do cómputo matemático aplicado no POD de cada profesor, hai materias que sofren unha segmentación excesiva (algunhas chegaron, nos cursos 2012/13 e 2013/14 a ter 4 profesores distintos), o que ocasiona queixas entre os estudantes.

MECANISMOS DE COORDINACIÓN DOCENTE:

Os mecanismos de coordinación docente axústanse ao procedemento de calidade DO 0201, accesible dende a web do centro. Existiron catro niveis de coordinación: (a) entre os docentes dunha mesma materia, (b) entre docentes dunha mesma

disciplina en materias dunha mesma orientación, (c) entre docentes dunha mesma disciplina en materias de distintas orientacións e, finalmente, (d) a nivel de coordinación xeral. Na memoria de verificación, dispoñible a través da web do centro, existe información sobre os mecanismos de coordinación. Malia existir procedementos de coordinación, o alumnado denuncia que non en tódolos casos se cumpren. Necesítase unha implantación máis efectiva destes mecanismos a través da concienciación do profesorado e do nomeamento de coordinadores de curso ou de itinerario, acción que se presenta como plano de mellora. Tamén se necesita un exercicio da autoridade máis firme por parte dos órganos de goberno (reitoría e vicerreitoría de profesorado) ante casos moi graves de incumprimentos de obrigas docentes por parte do profesorado. Se os alumnos detectan que nunca se toman medidas (e, o que é peor, se o docente que incumpre o detecta), o problema persiste.

Por outra banda, durante o curso 2013-14 as coordinadoras de grao organizaron varias reunións entre profesorado de tradución e profesorado das linguas correspondentes (varios departamentos implicados) para tentar reforzar o nivel de coñecemento de linguas, indispensable para posteriormente facer tradución e interpretación (véxase documento "Accións de coordinación 2013-14" e documentos relacionados en apartado de "Boas prácticas" (sección Competencias e obxectivos)).

GUÍAS DOCENTES:

Cumpriuse de maneira satisfactoria. Todas as guías recibiron o visto e prace final en xullo de 2014.

A elaboración das guías docentes está supervisada por dúas coordinadoras de titulación e regulada por un procedemento aprobado en Xunta de Facultade. As coordinadoras da titulación reúnen co profesorado antes da elaboración e indican unha serie de pautas no relativo a competencias, carga de traballo do alumnado e avaliación. Unha vez elaboradas as guías son revisadas polas coordinadoras, que envían os comentarios e as correccións pertinentes aos/as responsables da materia na ficha elaborada por elas a tal efecto. Despois, as coordinadoras volven revisar as guías para comprobar que se introduciron os cambios e comprobando que existe progresión de coñecementos en materias consecutivas e paralelismo de contidos en materias coa mesma denominación. A seguir, envíanse ao decanato, que se encarga dunha última revisión, e

apróbanse en Xunta de Facultade, tal e como figura no “Procedemento de elaboración das guías docentes” aprobado en 2009. Préstaselle especial atención ao apartado Avaliación, onde deben figurar descritas en detalle as probas específicas para as metodoloxías docentes previstas e o seu peso porcentual verbo da avaliación total. Inclúese explicitamente a modalidade de avaliación extraordinaria para o alumnado que non superou a ordinaria e tamén se detalla a avaliación para aquel alumnado que non se poida acoller ao sistema de avaliación continua, co fin de garantir os dereitos recollidos nos Estatutos da Universidade de Vigo.

HORARIOS:

Os horarios de grao concentran a maior parte das clases presenciais nas mañás, de xeito que dispoñen de parte da xornada para o traballo propio e as tarefas non presenciais. A presencialidade do grao, segundo a media esixida nas guías, é do 80%, o que segundo a asistencia real e as respostas das enquisas parece axeitado. Con todo, recoméndase ao profesorado que aplique de forma flexible esta porcentaxe.

TFG:

No que respecta aos TFG, houbo 93 alumnos matriculados (entre maio e xullo); 26 presentáronse na primeira convocatoria, na que se rexistrou un 100% de aprobados; en xullo presentáronse 50 TFG, dos cales 47 aprobaron a materia.

Obsérvase un maior éxito na primeira edición de actas, onde os traballos presentados acadaron mellores cualificacións. Non obstante, esta materia continúa xerando moitos problemas, derivados da súa xestión no marco da normativa vixente na UVigo. O profesorado manifesta o seu malestar porque esta materia non se inclúa no POD e considera insuficiente que a dirección dos traballos se recoñeza a posteriori mediante 5 horas de recoñecemento docente no POD do curso seguinte. Moi especialmente, o profesorado rexeita que a avaliación dos traballos sexa considerada unha obriga docente pero non se recoñeza de ningún xeito por parte da Reitoría (a Facultade outorgou 2 horas de recoñecemento a proposta do equipo directivo, o cal é a todas luces insuficiente dado o número de traballos que avaliou cada tribunal). No curso 2013-14, ademais, houbo algún PDI que se negou a participar na avaliación argumentando que a súa capacidade docente estaba cuberta.

Polo que respecta á coordinación do TFG, as coordinadoras tiveron reunións cos presidentes dos tribunais de avaliación para unha posta en común. Tamén existe unha normativa interna que dá instrucións sobre a redacción dos mesmos.

PRÁCTICAS:

As “Prácticas de tradución”, materia optativa de último curso (4º), segundo cuadrimestre implantada no 2012/13 rexistrou un incremento importante de prazas e de solicitantes. Fronte ás 46 ofrecidas no curso anterior, este ano a FFT xestionou 80 prazas, nas que se matricularon finalmente 78 estudantes, que foron titorizadas por 15 profesores (só se incrementou en 1 o número de titores do curso anterior). No que respecta aos destinos, ampliouse o abano de tipos: mantivéronse as prácticas en empresas (12 neste curso / 2 no curso anterior) e institucións (24 neste curso / 9 no curso anterior) e engadíronse prácticas nos servizos internos da universidade (9) e con tradutores autónomos (7). Unha novidade adicional foi a posibilidade de que o alumnado xestionase as súas propias prácticas, buscando destinos. Para información máis completa pode consultarse o documento “Informe da materia “Breve informe prácticas grao 2013-14””. A FFT tamén conseguiu unha axuda económica da universidade (programa PRACTICUM) de apoio á organización das prácticas, que se destinou a pago de revisores que efectuasen o control de calidade en traducións inversas (no caso das institucións) e a organización de sesións de traballo para abrir máis destinos ou darlle solidez aos xa conseguidos.

MOBILIDADE

Na páxina web do centro dispónse da seguinte información sobre a mobilidade no centro: a normativa interna de mobilidade estudiantil, a normativa interna para alumnado, os criterios para validacións, as funcións das Vicedecanas responsables desta área e as bolsa do programa intensivo. A información restante está dispoñible na web da ORI e proporciónaselles ao estudiantado a través de reunións de PAT e de reunións informativas específicas co persoal da ORI e as dúas Vicedecanas de Relacións Exteriores do Centro. As accións de mobilidade promovidas son adecuadas para favorecer o cumprimento dos obxectivos establecidos para os graos do centro e seguen o procedemento de xestión da mobilidade establecido (DO0205). A FFT destaca como centro tanto emisor como receptor de estudantes nos programas de mobilidade promovidos pola Universidade e dispón dun grupo de titores que orientan ao estudiantado saínte e entrante no que for preciso. Durante o curso 2013-14 beneficiáronse dos programas de mobilidade un total de 92 estudantes do Grao en Tradución e Interpretación.

CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2012-13:

1) Mellorar a coordinación de profesorado.

Continuouse a traballar neste sentido (ver documento "Accións de coordinación 2013-14").

2) Información ó novo profesorado.

Fundamentalmente é fornecida polos departamentos, pero tamén polos coordinadores/as de materias e o Decanato.

3) Seguimento de materias con problemas.

Continuouse a traballar neste sentido (ver documento "Accións de coordinación 2013-14").

4) Introducir melloras na organización de TFG e Prácticas de tradución.

O escaso percorrido nestas materias (levan dous anos de implantación) fan que se vaian perfilando pouco a pouco, tendo en conta a experiencia que se vai acumulando. Especial complexidade presentan as Prácticas de tradución. No curso 2013-14 engadíronse tres novas modalidades (prácticas autoxestionadas polos alumnos/as, prácticas con tradutores/as autónomos/as e prácticas nos servizos internos da universidade) ás xa existentes (prácticas da bolsa que ofrece o centro en empresas/institucións).

Buenas prácticas

- Obtención, por parte da facultade, dunha axuda económica (programa PRACTICUM) para apoio á organización das Prácticas de tradución, que se destinou a pagar revisores nativos para as traducións inversas daqueles destinos que non podían garantir a calidade final dos textos traducidos e a organizar visitas á facultade de representantes de empresas (captación de novos destinos de prácticas) e organizadores de prácticas en institucións con longa experiencia neste campo.
- Reunión da Coordinación do grao cos titores académicos das Prácticas de tradución e dos TFG para valorar a eficacia destas materias e, de considerarse oportuno, introducir variacións.
- Mellora nas canles de comunicación co alumnado grazas aos espazos virtuais na plataforma de teledocencia FAITIC (Coordinación de grao (tódolos cursos do grao) / TFG (4º) / Prácticas de tradución (4º)).

Propuestas de mejora

- Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".
- Fomentar o uso de faitic entre o profesorado.

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

BREVE INFORME PRÁCTICAS GRAO 2013_14.doc

DO-0203-P1 Informe PAT 2013-14.pdf

Mobilidade 2013-14.pdf

Regulamento PAE.pdf

Resultados académicos, calificacións, satisfacción 2013-14.accdb

historico enquisas de calidade.xlsx

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Personal académico" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz "Garantía de la calidad del personal académico y de administración y servicios" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Recursos humanos. Valoración general del cumplimiento del criterio**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Recursos humanos" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser suficiente.

- A información sobre o persoal académico aparece na páxina web (figura neste informe en anexo). Malia esta información, que consideramos completa, entendemos que sería máis clara a xeira do profesorado por titulación.

- O sistema de contratación da Universidade é manifestamente mellorable no que atinxe ós prazos. O feito de comezar o curso nunha data temperá no mes de setembro fai que non sempre estean resoltos os concursos de profesorado, circunstancia que impide un bo desenvolvemento da docencia dende o primeiro día.

- Os recortes orzamentarios e os novos criterios de intensificación da docencia (decreto Wert) afectaron moi negativamente ó desenvolvemento dos cursos, cun incremento considerable no número de horas/materias para gran parte do profesorado, que necesariamente conlevará unha menor atención a cada estudante en particular.

A Área de Tradución en Interpretación é a maioritaria neste título (véxase profesorado en documento anexo). Os Departamentos de Filoloxía Galega e Latina, Lingua española e Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá tamén teñen docencia en 1º e 2º curso do título. Dos 63 profesores que imparten docencia na titulación, máis do 65% son doutores. En canto a categoría, 2 son catedráticos, 21 son titulares de universidade, 4 son titulares de escola, 16 son contratados doutores, 1 é axudante non doutor, 15 son asociados, 2 son lectores e 2 contratados interinos de substitución. O profesorado axéitase, por formación ou experiencia profesional, ao requirido polo Plan de estudos. O profesorado que imparte docencia no grao pasou por oposicións ou concursos de méritos onde se xulgou a súa idoneidade para os perfís solicitados.

Con todo, observamos un descontento xeral nas enquisas de satisfacción (indicador 74) con resultados por debaixo do que marcan os obxectivos de calidade (3,6). Creemos que pode deberse a que os poucos estudantes que cubriron as enquisas son, previsiblemente, aqueles que desexan deixar constancia do seu malestar, mentres que os alumnos satisfeitos non as cobren.

A ampliación da carga docente do profesorado está causando problemas na impartición da docencia. Véxase en Planificación docente o apartado "Aplicación do decreto Wert".

A avaliación do criterio como suficiente está motivada polas actuais circunstancias derivadas da aplicación de novas medidas de control orzamentario e do decreto de profesorado. Non se trata dunha eiva nin do título nin da Facultade, senón unha situación que escapa ó noso control.

Por outra banda, no informe de avaliación da auditoría externa para a certificación do SGIC do centro sinálase unha non conformidade maior con respecto á implantación a nivel institucional dos procedementos PE02, PA05 e PA06, relacionados coa xestión do persoal. Os procedementos PE02, PA05 e PA06 deseñáronse desde unha perspectiva de funcionamento do centro cando a súa definición, despregamento e implantación responden a un marcado carácter institucional. A responsabilidade decisoria e executiva dos procesos de xestión do persoal (PDI e PAS) transcende a competencia dos centros, sen prexuízo das actividades que se desenvolven especificamente no centro. A estrutura e o ámbito de aplicación do SGIC de centro non facilitan a xestión destes procesos no propio centro e, por este motivo, insitucionalmente decidiuse desenvolver as accións de mellora que se describen no plan de mellora asociado a este criterio.

CUMPRIMENTO DO PLAN DE MELLORA 2012-13

- Manter a calidade da docencia: a calidade está a experimentar dificultade porque moito profesorado ten intensificación docente e chega a impartir un número excesivamente elevado de materias, polo que o problema detectado persiste.

Buenas prácticas

- Dende a coordinación do grao e do vicedecanato de Calidade promóvense accións de coordinación continuada entre o profesorado das diversas materias.
- Tamén se promoven sinerxias con materias doutros centros da universidade e mesmo con materias doutros niveis educativos, especialmente na materia de Prácticas de grao (4º): convenios de colaboración con centros de FP, colaboración con alumnado da Univ. de Vigo de Comunicación Audiovisual, etc.

Propostas de mejora

- Redefinir (revisar e actualizar) os procesos relacionados coa xestión do persoal (PDI e PAS) integrando a dimensión institucional (tanto no ámbito de xestión como no académico) no SGIC do centro e incorporar como membros da Comisión de Calidade os directores de todos os departamentos con docencia no centro. Con esta última medida, preténdese obter información sobre os procesos de contratación de profesorado, detectar as necesidades de incorporación e formación do PDI e mellorar os procesos de toma de decisións. Ademais, intégrase a información procedente de todos os departamentos, o que facilitará a comparación de políticas e necesidades.
- Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

OUTROS RECURSOS HUMANOS DA FFT.pdf
Profesorado Grao TI.pdf

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Recursos humanos. Plan de mejora

Denominación de la propuesta

Transmitir a preocupación pola calidade docente // Mellorar a implicación do centro nos procesos de selección de persoal

Punto débil detectado

Rebaixa na calidade da docencia como resultado da aplicación do decreto Wert (intensificación nas horas de docencia do profesorado)

Ámbito de aplicación

departamentos // FFT e Universidade de Vigo

Responsable de su aplicación

Departamentos // Decanato e Área de Calidade

Objetivos específicos

- Tratar de que a docencia manteña, na media do posible, a súa calidade.
- Integrar a dimensión institucional nos procesos de selección de persoal no SGIC do centro.

Actuaciones a desarrollar

- Transmitir ó equipo reitoral a preocupación do centro pola calidade docente, que se resinte cun profesorado sobrecargado de créditos, horas e materias (resultado da aplicación do decreto Wert).
- A nivel institucional actualizaranse e implantaranse os procesos de administración do persoal que substituirán os actuais PA05 e PA06. A nivel do centro, incorporáronse ao final do curso 2013-14 como membros da Comisión de Calidade os directores de todos os departamentos con docencia no centro para obter información sobre os procesos de contratación de profesorado, detectar as necesidades de incorporación e formación do PDI e mellorar os procesos de toma de decisións, e mais integrar a información procedente de todos os departamentos, o que facilitará a comparación de políticas e necesidades.

Periodo de ejecución

Curso 2014-15 // Cursos 2013-14 e 2014-15

Recursos / financiamiento

Por determinar

Indicadores de ejecución**Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

Nivel de cumplimiento

Resultados obtenidos

Grado de satisfacción

Acciones correctoras a desarrollar

Plan Accions Mellora_Auditoría certificación SGIC_FFT.pdf

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Recursos materiales y servicios" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y la directriz de "Garantía de la calidad de los recursos materiales y servicios" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Recursos materiales y servicios. Valoración general del cumplimiento del criterio**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Recursos materiais e servizos" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A Facultade de Filoloxía e Tradución posúe as instalacións convenientes para un bo desenvolvemento da docencia (ver anexo). Todos os anos o Decanato destina parte do orzamento da Facultade a mellorar as instalacións, tanto coa adquisición de novos recursos coma co mantemento dos existentes. Existen procedementos no SGIC que regulan a adquisición e distribución dos recursos materiais. Con todo, na auditoría externa para a certificación do SGIC do centro, o equipo avaliador detectou unha non conformidade maior na implantación dos procedementos relativos a este criterio, xa que o procedemento PA07 non se adapta á realidade funcional dos centros. Esta situación deu lugar a un Plan de mellora do funcionamento dos SGIC que inclúe unha revisión e actualización de toda a documentación de calidade asociada a estes procesos que xa se está levando a cabo e que finalizará en outubro de 2015.

En todo caso, poderíase mellorar o mantemento dos laboratorios e aulas de informática cos recursos xerais da Universidade.

Dende 2008, ano de aprobación da memoria, a Facultade fixo un investimento significativo na dotación de aulas de informática (unha aula máis) e de videoconferencia (unha aula máis). Tamén se habilitaron novas aulas para grupos pequenos de alumnado que permiten unha mellor impartición dos contidos formativos.

Dende o curso 12-13 a Facultade conseguiu:

- Dotación dun novo laboratorio de interpretación no pavillón Newton (20 postos).
- Modificación da aula A8 para impartición de seminarios (mesas axeitadas).
- Traslado da aula de informática de libre acceso a unha ubicación máis axeitada.

Os fondos da biblioteca da Facultade de Filoloxía e Tradución considéranse axeitados para as esixencias que leva consigo un grao coma este, pódense consultar aquí: http://webs.uvigo.es/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=101&id=2235:ti7--recursos-materiais-e-servizos. Ademais, conta cun blog [<http://blogdabiblio.es/>] e con varios taboleiros no Pinterest de Bibliotecas da Uvigo [<http://www.pinterest.com/CenUVIGO/boards/>].

Pese a contar con instalacións e servizos que semellan suficientes (e en continua mellora), o alumnado segue a ter a percepción de que se necesita maior esforzo neste apartado. Probablemente pode ter que ver coas limitacións que os laboratorios de interpretación teñen (20 postos), que en determinados momentos poden quedar escasos (especialmente se hai alumnos repetidores que necesitan tamén cabina). Outra causa desta baixa consideración (4,12% de media) podémola atopar, se cadra, no servizo de cafetaría; se ben o profesorado detecta unha mellora considerable con respecto a anos anteriores (levaba a concesión outra empresa) ao alumnado pode parecerlle caro en exceso (aínda que teñen prezos baixos e controlados pola propia universidade) ou desexar máis variedade en menús, no servizo de bar, etc. A taxa de satisfacción con respecto o estado das instalacións do 2013-14 (3,68%) diminuíu lixeiramente con respecto á do curso anterior (3,88%), xa de por si máis baixa cá do curso 2011-12. Parécenos que é a consecuencia lóxica de obras continuadas na cuberta que levan a pingueiras cada vez que chove. Esta situación xa foi denunciada hai anos por algún equipo decanal da FFT coa sorprendente contestación de que a FFT é un edificio que ten que ser conservado co plano orixinal e non permitindo un tellado a dúas augas como parecería máis apropiado no clima galego.

CUMPRIMENTO DO PLAN DE MELLORA DE 2012-13

- Compra dun programa de refalado: xestionouse xa no curso 2013-14 (a comezos) pero a universidade aínda non o enviou á facultade.

Buenas prácticas

Traballo para favorecer a accesibilidade (reformas nos accesos aos pavillóns, ascensor, programa (solicitado) de refalado, lector de Braille...). O programa de refalado é pioneiro na Univ. de Vigo e mesmo a investigación nestes sistemas está aínda en pleno desenvolvemento. Cremos que pode ser un referente para outros centros da nosa universidade.

Propuestas de mejora

- Seguimento inmediato do estado da compra do programa de refalado para alumnado discapacitado.
- Aplicar os procedementos de calidade relativos a este criterio elaborados pola Área de Calidade.
- Aumentar a participación do alumnado nas enquisas de satisfacción. Como plan de mellora asociado a esta proposta, véxase Plan de mellora 2 do apartado "Xustificación".

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS DA FFT.pdf

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Recursos materiales y servicios. Plan de mejora**Denominación de la propuesta**

Compra dun programa de refalado // Aplicar os novos procedementos de calidade elaborados pola Área de Calidade

Punto débil detectado

O alumnado con deficiencias motrices ten problemas para o manexo dos equipos informáticos // Falta de correspondencia dos procedementos actuais coa realidade do centro

Ámbito de aplicación

Facultade de Filoloxía e Tradución // FFT e Universidade de Vigo

Responsable de su aplicación

Vicerreitoría de Extensión // Decanato e Área de Calidade.

Objetivos específicos

- Facer o seguimento da compra do programa de refalado, xa solicitado dende a facultade a comezos do curso 2013-14.
- Implantar correctamente os procedementos de calidade relativos á xestión dos recursos materiais e servizos.

Actuaciones a desarrollar

Facer o seguimento da compra do programa de refalado, xa solicitado dende a facultade a comezos do curso 2013-14.

- Aplicar os novos procedementos de calidade unha vez estean elaborados.

Periodo de ejecución

Curso 2014-15 / Cursos vindeiros

Recursos / financiamiento**Indicadores de ejecución****Observaciones**

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

Nivel de cumplimiento

Resultados obtenidos

Grado de satisfacción

Acciones correctoras a desarrollar

Plan Accións Mellora_Auditoría certificación SGIC_FFT.pdf

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Resultados previstos" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y las directrices de "Análisis y utilización de los resultados para la mejora de los programas formativos" y "Publicación de la información y rendición de cuentas sobre los programas formativos" del Programa FIDES-AUDIT.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Resultados previstos. Valoración general del cumplimiento del criterio**Valoración general del grado de cumplimiento del criterio**

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Resultados previstos" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser suficiente.

No ano 2011 foi o primeiro en que se fai unha avaliación dos indicadores máis relevantes e dos resultados de avaliación, que aparecen a seguir. O procedemento PC12 do SGIC está deseñado para esta avaliación.

O grao de satisfacción do alumnado coa titulación é de 3,90/7. Trátase dunha cifra discreta que debería levar ao profesorado a facer unha reflexión xeral sobre esta cuestión.

Non se considerou necesaria a definición de novos indicadores á parte dos xa previstos (eficiencia, rendemento, abandono, graduación).

A táboa cos datos históricos que incluímos a efectos comparativos é autoexplicativa (ver anexo). Porén, gustaríanos facer fincapé nos seguintes puntos:

A matrícula continúa cubrindo na súa totalidade as prazas ofertadas (120), co que parece sobradamente demostrado o

interese da titulación, que supera con moito a media de 50 estudantes de nova matrícula no primeiro curso que establece o Decreto 222/2011 da Xunta de Galicia que obriga as titulacións a ter esta cifra para seren consideradas viables.

A media de acceso é a máis alta das titulacións de grao ofrecidas na facultade (9,16) e a máis alta dende o curso 2009-10.

A taxa de rendemento experimenta un lixeiro aumento, do 76,51% ao 78,74%, o que pode interpretarse como algo positivo xa que demostra que cada vez se superan máis créditos dos matriculados. En consonancia con isto, tamén aumenta a taxa de éxito, que pasa do 84,77% do ano pasado ao 88,03 no curso 2013-14, o que supón un incremento notable de case 4 puntos.

A taxa de abandonos desta titulación incrementouse notablemente (de 21, 23 respectivamente os dous cursos pasados chegouse a 40). Non dispoñemos de datos máis específicos que nos permitan analizar a situación en detalle: por exemplo, descoñecemos en que curso se producen os abandonos ou se estes lle corresponden a unha promoción en concreto ou non. Os datos ao noso alcance non nos permiten facer unha análise axeitada desta taxa.

A taxa de graduación do título é do 43,67% (para a primeira promoción, que comezou o grao no 2009-10) e do 29,69% para a segunda (2010-11). Porén, esta última promoción aínda ten a oportunidade de examinar as materias pendentes na convocatoria extraordinaria de fin de carreira (outubro de 2014) polo que previsiblemente esta taxa se verá alterada.

Por último, a taxa de eficiencia do título amosa un incremento espectacular porcentualmente, pasando dun 65,41% do curso 2012-13 a un 94,76% no 2013-14.

O grao de satisfacción xeral do alumnado é 3,90%.

Por outra banda, remitimos aos anexos para ver o histórico das enquisas de Calidade, o informe PAT 2013-14 e o cumprimento dos obxectivos de Calidade.

DATOS SOBRE INSERCIÓN LABORAL: Sobre a inserción laboral non hai datos concluíntes. A ACSUG elabora uns informes de inserción que nestes momentos non están aínda actualizados. A Área de Calidade da Uvigo está a preparar unha enquisa sobre inserción que servirá, cando estiver feita, para avaliar os datos dos últimos tres anos.

CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2012-13

- Aumentar a participación do alumnado e do profesorado nas enquisas: continúaase traballando incesantemente por conseguir este obxectivo.
- Transmitirille a Área de Posgrao a necesidade de flexibilizar o calendario académico de posgrao: aínda que continuamos a ter moitos problemas administrativos co calendario académico dos posgraos, que non se fai eco do calendario preferido polas empresas (ofrecen as prácticas nos meses de agosto-setembro, cando a segunda edición de actas é en xullo), a resposta é que non é posible facer un calendario distinto para posgraos.

Buenas prácticas

- Revisión periódica (anual) das taxas de rendemento, abandonos, graduación e eficiencia.
- Fomento da participación nas enquisas: a través do PAT, do Espazo da coordinación do grao en Fatic e do Vicedecanato de Calidade insítese permanentemente neste punto.

Propuestas de mejora

Breve descripción de las modificaciones

Justificaciones de las modificaciones

Cumprimento dos obxectivos de calidade.docx

DO-0203-P1 Informe PAT 2013-14.pdf

Taxas Grao TI.docx

historico enquisas de calidade.xlsx

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Directriz ACSUG

Se valorará el criterio de "Sistema de garantía de calidad" de la memoria para la solicitud de verificación de títulos oficiales (anexo I del Real Decreto 861/2010) y el Sistema de Garantía Interna de Calidad (SGIC) del Centro.

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Sistema de Garantía de Calidad. Valoración general del cumplimiento del criterio

Valoración general del grado de cumplimiento del criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "SGC" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

A Facultade presentou un SGIC que foi validado pola ACSUG. Este sistema pretende regulamentar o seguimento da accións relacionadas co control da calidade no centro.

O órgano responsable do SGIC é a Comisión de Garantía Interna de Calidade, que cumpre a normativa vixente en canto á estrutura e composición. A renovación dos membros da comisión lévase a cabo periodicamente, dado que os seus integrantes varían cada curso. Durante o curso 2013-14 incorporáronse á Comisión os Directores dos Departamentos para mellorar a comunicación entre todos os órganos do Centro e recoller información sobre necesidades de persoal. Ademais, no mes de xuño producíronse cambios no equipo decanal (Vicedecano de Organización Académica e Vicedecano de Calidade), mais só afectou á composición da comisión de calidade o cambio de Vicedecano de Calidade. Aínda que dende o centro se vela pola participación na comisión de representantes de todos os grupos de interese, a escasa implicación dos estudantes e dos egresados nos órganos de representación do centro fai que actualmente non existan representantes destes grupos de interese na Comisión. Como xa se indicou anteriormente, este problema foi sinalado pola comisión avaliadora da auditoría externa para a certificación do SGIC como unha non conformidade maior e xa están previstas as accións de mellora que se recollen no plano de mellora correspondente a este criterio.

No curso 2013-14, do mesmo xeito que en cursos anteriores, no centro aplicáronse os procedementos de calidade relativos á avaliación e mellora da calidade do ensino e do profesorado (DO 0102, DO 0201, PM01) e analizáronse os resultados dos diferentes indicadores de calidade. Tamén se aplican os procedementos referentes a prácticas externas e mobilidade

(DO0204 e DO 0205) e os referidos á satisfacción dos diferentes colectivos e aos criterios de extinción (PM01, PA03, PA04, DO 0103). Detectouse unha implantación deficiente dos procedementos de recollida de información sobre a inserción laboral dos estudantes, mais a Universidade está a traballar institucionalmente para facilitar a recollida de datos sobre este punto. Os procedementos de calidade do SGIC están experimentando un proceso de modificación coordinado e dirixido pola Área de Calidade, polo que durante o curso 2013-14 se foron aplicando os procedementos pertinentes seguindo as directrices da Área de Calidade a este respecto no referente á súa vixencia.

A Área de Calidade da UVigo forneceunos dunha aplicación informática para xestionar esta información. O ano pasado detectáronse certos problemas no proceso de implantación do SGIC.

1. Difusión deficiente do concepto de "calidade" e do propio sistema no centro. Para corrixirmos isto, a Comisión de Calidade fixo públicos os informes de resultados anuais, cunha análise das taxas asociadas ó sistema, do cumprimento dos obxectivos de calidade do centro, dos resultados das enquisas de satisfacción e dos resultados académicos. Tamén, a aprobación por parte da Xunta de Facultade dos autoinformes correspondentes ó curso 2012-2013 fixo que se coñecese mellor o traballo da CC e o desenvolvemento xeral das titulacións.

2. A excesiva burocratización dos procedementos do SGIC complicaba o traballo dos responsables do sistema e, tamén, a comprensión do propio concepto de calidade. Para simplificar os procedementos, a Área de Calidade da Universidade de Vigo decidiu facer unha proposta de redución dos rexistros asociados, proposta que se discutiu en grupos de traballo formados por membros das comisións de calidade dos distintos centros.

3. Conseguiuse a participación dun membro do PAS na Comisión de Calidade, pero non houbo candidaturas do alumnado. Cremos que o método de traballo desta comisión é alleo e relativamente pouco interesante para o alumnado.

4. Sobre a aplicación informática en que se almacenan os rexistros asociados ós procedementos do manual do sistema, hai que dicir que este ano se abriu ós coordinadores dos títulos. Isto axudará a que se faga máis doado e áxil o rexistro das probas documentais.

5. Durante o curso 2012-13 rexistráronse as probas documentais asociadas ós procedementos do manual de calidade seguindo o calendario suxerido pola Área de Calidade.

En xaneiro de 2013 fíxose a renovación anual da Comisión de Calidade.

Existen os procedementos PE01 e PM01 para a definición e mellora da política e obxectivos de calidade.

O MSGIC recolle procedementos que avalían todos os apartados da memoria. Os datos obtidos serven para a planificación do curso seguinte.

CUMPRIMENTO DO PLANO DE MELLORA 2011-12

Difundir o concepto de "calidade" no centro: nas xuntas de facultade, nas propias reunións de Calidade, etc. téntase transmitir a "cultura da calidade" que, aos poucos, cremos que vai avanzando no centro.

Buenas prácticas

- Comisión de Calidade (ver anexos).
- Incorporación dos directores de departamento á Comisión de Calidade.
- Redacción conxunta dos obxectivos de calidade (entre o centro e a CC, da que forman parte os coordinadores de grao e os directores dos departamentos).
- Revisión e actualización continuada dos procedementos.
- Revisión continuada das normativas internas aprobadas en XF para a realización dos TFG e a xestión das Prácticas externas e aprobacións de cambios cando proceda.

Propuestas de mejora

- Sensibilización do estudiantado sobre a necesidade de participar nos órganos de goberno e decisión do Centro a través de charlas informativas e orientación nas reunións celebradas co profesorado titor do PAT. Nomeamento de representantes de cada curso dentro do PAT do centro coa finalidade de conseguir que o estudiantado se afaga a representar e ser representado e motivalo a participar activamente nos órganos de decisión.

- Campaña intensiva específica de captación previa á convocatoria de eleccións a membros de xunta de centro.
- En vista da imposibilidade de convocar eleccións á Xunta de Centro antes de decembro de 2015, establécese como medida anticipada propoñer o nomeamento na próxima xunta de centro do representante do sector de alumnado.

En todo caso, o Manual de Calidade, en que se establece a estrutura da Comisión de Calidade, será obxecto de actualización no cuarto trimestre de 2014.

- Mellorar a accesibilidade da información na páxina web do centro.
- Seguir insistindo na necesidade de coñecer e valorar o SGIC.

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

Aprobación incorporación Departamentos á CC.pdf
IP Certif.FFTraducion_Vigo.pdf
MEMBROS COMISIÓN DE CALIDADE 2009-2014.pdf
Plan Accións Mellora_Auditoría certificación SGIC_FFT.pdf
Regulamento Interno da Comisión de Calidade.tif

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Sistema de Garantía de Calidad. Plan de mejora

Denominación de la propuesta

Participación do alumnado nos órganos de goberno e decisión / Campaña captación membros Xunta Centro / Nomear representante temporal alumnado na Com. Calidade / Mellorar web / Divulgar SGIC

Punto débil detectado

Alumnado non participa / Case non hai representantes en Xunta de Centro / Non hai alumnado na Com. Calidade / Web pouco doada de manexar / Escaso coñecemento SGIC

Ámbito de aplicación

Facultade de Filoloxía e Tradución

Responsable de su aplicación

Decanato / Decanato / Decanato / Decanato / Decanato, Coordinadora do Grao, titoras/es do PAT

Objetivos específicos

- Conseguir unha maior participación do alumnado nos órganos de goberno e decisión do Centro.
- Acadar unha maior representación do alumnado na Xunta de Centro.
- Acadar representación de alumnado na Comisión de Calidade.
- Facer a páxina web do centro máis atractiva e doada de manexar.
- Estender o coñecemento do SGIC entre o alumnado e o profesorado.

Actuaciones a desarrollar

- Sensibilización do estudantado sobre a necesidade de participar nos órganos de goberno e decisión do Centro a través de charlas informativas e orientación nas reunións celebradas co profesorado titor do PAT. Nomeamento de representantes de cada curso dentro do PAT do centro coa finalidade de conseguir que o estudantado se afaga a representar e ser representado e motivalo a participar activamente nos órganos de decisión.
- Campaña intensiva específica de captación previa á convocatoria de eleccións a membros de xunta de centro.
- En vista da imposibilidade de convocar eleccións á Xunta de Centro antes de decembro de 2015, establécese como medida anticipada propoñer o nomeamento na próxima xunta de centro do representante do sector de alumnado. En todo caso, o Manual de Calidade, en que se establece a estrutura da Comisión de Calidade, será obxecto de actualización no cuarto trimestre de 2014.
- Mellorar a páxina web do centro para facer máis visible e atractiva a información pública.
- Seguir insistindo na necesidade de coñecer e valorar o SGIC.

Periodo de ejecución

curso 2014-15 (no caso das dúas primeiras propostas, os resultados non se poderían verificar até o curso 2015-16, despois da convocatoria de eleccións de representantes do alumnado)

Recursos / financiamiento

sen custo agás a renovación da páxina web (custo descoñecido)

Indicadores de ejecución

Observaciones

A cumplimentar solo si fue ejecutada (total o parcialmente)

Nivel de cumplimiento

Resultados obtenidos

Grado de satisfacción

Acciones correctoras a desarrollar

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Comentario general para la reflexión y valoración del criterio

Para la reflexión de este criterio, se ha/n tenido en cuenta el/los procedimiento/s correspondientes del SGIC recogidos en el apartado "Tabla de relación SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales asociados a cada criterio".

Calendario de Implantación. Valoración del cumplimiento del criterio

Valoración general del grado de cumplimiento del criterio

- Satisfactorio
- Suficiente
- Insuficiente
- Ausencia de evidencias documentales

Reflexión (justificación de la valoración) / conclusiones

A valoración do grao de cumprimento relativo ao criterio "Calendario de implantación" emitida no informe de seguimento 2012-13 foi "conforme" e consideramos que segue a selo para o curso 2013-14.

A información incluída na páxina web do centro sobre este apartado revísase e actualízase periodicamente.

Dado que no anterior informe a valoración foi conforme e mesmo moi positiva, continuouse traballando na mesma liña, polo que se considera que segue a ser satisfactoria.

A implantación do título realizouse satisfactoriamente en 2009 e rematou (implantación paulatina, ano a ano) no curso 2012/13.

Os procedementos para o recoñecemento e adaptación do estudantado son os correctos polo que o estudantado procedente de plans extinguidos e ciclos de formación profesional non refiren ningún problema relacionado con estes aspectos.

As titulacións que se extinguen (licenciaturas) seguen mantendo plena vixencia (cursos 4º, 5º).

O cronograma de implantación pode atoparse en http://webs.uvigo.es/centros/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=101&id=1394:ti10--calendario-de-implantacion

A guía de adaptacións para o estudantado que provén dos títulos que se extinguen está publicada en http://webs.uvigo.es/centros/fft/index.php?option=com_rokdownloads&view=folder&Itemid=101&id=1394:ti10--calendario-de-implantacion

Buenas prácticas

Propuestas de mejora

Breve descripción de las modificaciones

Justificación de las modificaciones

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Adjuntar documento cumplimentado de acciones realizadas ante recomendaciones del IF e informes de seguimiento anteriores



GRAO EN TI.pdf

Evidencia de:

Grado en Traducción e Interpretación

Adjuntar tabla cumplimentada de "Relación del SGIC-Seguimiento de Títulos: procedimientos, evidencias e indicadores principales".



TÁBOA GRAO TRADUCIÓN-INTERPRETACIÓN 13-14.docx